



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

BASES PARA A SELECCIÓN DE SEIS TRABALLADORES PARA DÚAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE INCENDIOS FORESTAIS CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Pantón para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, dos seguintes traballadores:

- Xefe de brigada (2). Categoría Profesional: Encargados de equipos.
- Peón condutor con carné de conducir B (2). Categoría Profesional: peóns
- Peóns forestais (6). Categoría Profesional: peóns

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o PLADIGA.

Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos traballos establecidos no Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Pantón para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais

2. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos e entrevista persoal.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.
2. Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, debendo superar unha proba física de esforzo e un recoñecemento médico, para garantir as condicións de saúde para o traballo a realizar. A persoa que resulte seleccionada aportará antes da sinatura do contrato certificación médica ou equivalente, acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións (a non presentación levará a perda do posto). No caso de que se teña a condición de discapacitado/a, a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación, Os/as



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

aspirantes con discapacidade, farán consta na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
4. Titulación esixida:

4.1.- Para o posto de xefe de brigada, requírese estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- Enxeñeiro de montes.
- Enxeñeiro técnico forestal.
- Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
- Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.
- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, -Celga4-, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba de galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

4.2.- Para o posto de peón condutor:

- Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- Estar en posesión do carné de conducir B.
- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, -Celga1-, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba de galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

4.3.- Para os postos de peóns:

- Certificado de escolaridade ou titulación equivalente.
- O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, -Celga 1-, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba de galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

5. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6. Ter aboado o importe a que ascende a taxa por dereitos de exame.

Todos os requisitos xerais específicos deberán estar en posesión do/a/s solicitante/s o día de presentación da instancia, debendo manterse os mesmos durante o proceso selectivo.

4. DURACIÓN DO CONTRATO.



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

A contratación farase polo prazo de tres (3) meses, a xornada completa (40 horas semanais) baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1.a) do Real decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores , consistindo este na prestación das tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais.

5. PARTICIPACIÓN E ACHEGA DE SOLICITUDES.

Considerando a inminencia da contratación realizarase oferta de emprego á Oficina de Emprego de Monforte de Lemos, así como anuncio no taboleiro de edictos municipal, no diario o progreso e na páxina web do Concello de Pantón (www.concellodepanton.com.)

Os/as interesados/as en participar no proceso selectivo, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Pantón. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do concello no prazo de sete (7) días naturais de 9:00 a 14.00, a contar dende o día seguinte a publicación do estrato destas bases coa convocatoria deste procedemento no diario O Progreso de Lugo, se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose sábado ou día inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte. Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Pantón e na páxina web do Concello: www.concellodepanton.es. A presentación de instancias poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Pantón ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro. As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada, neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax ao núm. 982 45 65 62. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitiran este avance ao fax citado.

As instancias debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican:

- Copia cotexada da titulación esixida
- Copia cotexada do título de galego
- Copia cotexada do D.N.I. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Copia cotexada do carné de conducir, de ser necesario.
- Certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo.
- Declaración responsable segundo Anexo II.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos..) debidamente cotexada.
- Documentación acreditativa de ter aboado o importe a que ascenden os dereitos de exame: 20 euros para a praza de Xefe de Equipo e 5 euros para as prazas de Peóns. Os/as aspirantes acompañarán á solicitude documento acreditativo de ter feito ingreso do correspondente importe na c/c nº 2080/0116/57311000020 de ABANCA. De presentarse a varias prazas, unicamente se aboará o importe da taxa correspondente ao posto de maior categoría profesional e de ser da mesma categoría aboarase unha vez.



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

6. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o concurso de méritos e unha entrevista persoal, no concurso puntuarase a formación dos aspirantes e a experiencia profesional.

1ª FASE: CONCURSO DE MÉRITOS. (10 puntos)

Na selección valoraranse os seguintes méritos:

A) Experiencia profesional: puntuación máxima: 4 puntos.

Por servizos prestados nas administracións públicas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,20 por cada mes completo), non se computarán servizos inferiores a un mes. Ata un máximo de 2,5 Puntos.

Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta: 0,10 por cada mes completo), non se computarán servizos inferiores a un mes. Ata un máximo de 1,5 Puntos.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados:

-No caso de traballadores por conta allea: a través de, copia cotexada de contrato de traballo e informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou ben, de certificado, no caso da Administración, ou certificado de empresa, no caso da empresa privada, sempre que quede acreditado de forma clara e expresa, a duración do contrato, traballo desempeñado e xornada; no caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse ademais informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

-No caso de traballador autónomo: mediante o informe de vida laboral elaborado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

-No caso de traballos no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

B) Formación continua: 3 puntos

Estar en posesión de cursos formativos homologados por organismos oficiais segundo a especialidade a que se accede. Ata un máximo de 3 puntos segundo o baremo seguinte:

- Por cada curso de menos de 20 horas de duración: 0,20 puntos.

- Cursos de duración de 20 a 60 horas: 0, 25puntos.

- Cursos de duración de 61 a 100 horas: 0, 50 puntos.

- Cursos de duración de 101 horas en diante: 1 puntos.

Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. Acreditaranse mediante diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

2ª FASE: PROBA ENTREVISTA. (3 puntos)



CONCELLO DE PANTON (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

O tribunal de selección levará a cabo unha entrevista, na que se valorará a idoneidade persoal e profesional dos mesmos para os postos solicitados

Esta fase será valorada cunha puntuación de 0 a 3 puntos.

A data e hora de celebración da entrevista determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a lista provisional de admitidos ao proceso.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia laboral en primeiro lugar, de persistir o empate por formación e en último caso, por sorteo realizado polo tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

7. LISTAXE DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS. Rematado o prazo dos 7 días naturais fixado para a presentación de solicitudes por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web:www.concellodepanton.es.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días naturais, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

8. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

O tribunal cualificador estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou funcionario en quen delegue, con voz e sen voto. A composición do Tribunal será predominantemente técnica e todos deberán posuír titulación ou especializacións iguais ou superiores ás esixida para o acceso á praza convocada. En dita composición atenderase así mesmo, a paridade entre homes e mulleres.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal, que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na páxina web (<http://www.concellodepanton.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.



CONCELLO DE PANTÓN (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

9. PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Sr. Alcalde-Presidente, sen que esta poida superar o número de prazos convocadas.

A orde de clasificación definitiva de todos/as os/as aspirantes virá determinado pola suma das puntuación totais obtidas na fase concurso e na entrevista persoal.

A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do tribunal e de incorporación ó servizo.

En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

A citada proposta publicarase na páxina web (<http://www.concellodepanton.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Os/as traballadores/as seleccionados/as estarán obrigados a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo nos días, foras e lugares que estableza o Concello de Pantón.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a, sen prexuízo das posibles accións que procedan por incorrer en falsidade na declaración xurada.

Igualmente están obrigados, unha vez contratados, a realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido por persoal competente na materia .Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

A non realización do curso suporá o cese do/a traballador/a por incumprimento desta base.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web.

10. CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder as prazas que se convocan e superado o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal por obra ou servizo. Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

11. CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE SUBSTITUTOS.

No obstante o anterior, no caso de que se produzan renuncias dos/as aspirantes seleccionados/as, con anterioridade ou despois de celebrar o correspondente contrato laboral de carácter temporal, o órgano de selección elaborara unha proposta complementaria (lista de reserva) co fin de asegurar a cobertura do emprego convocado, proposta que será de aplicación por rigoroso orde



CONCELLO DE PANTON (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

de puntuación. Igualmente será de aplicación esta proposta complementaria no caso de que os seleccionados non superen o recoñecemento médico o proba de esforzo aos que se fai referencia na cláusula 9ª como previos e condicionantes da contratación.

12. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

13. RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Pantón, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pantón, 03 de xullo de 2019.

O Alcalde

José Luis Álvarez Blanco.



CONCELLO DE PANTON (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

“D./D^a, con DNI núm., número de teléfono....., con domicilio a estes efectos en, e dirección de correo electrónico, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Pantón para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza de:

- Xefe de brigada
- Peón condutor
- Peón forestal

(Indicar cun X a que corresponda)

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir.
- Certificado médico oficial que acredite que as condicións de saúde do traballador son as adecuadas para o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo. que deberán realizar xunto cun recoñecemento médico previo á contratación.
- Declaración responsable (ANEXO II)
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)
- Documentación acreditativa de ter aboado o importe a que ascenden os dereitos de exame.

En....., a de.....de 2019.

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTON



CONCELLO DE PANTON (LUGO)

Plaza do Concello – Pantón. C.P.27430 Tel. 982 45 60 05 Fax. 982 45 65 62 CIF P2704100C
www.concellodepanton.es ---- E-Mail: concello.de.panton@eidolocal.es

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

“D./D^a, con DNI núm., con teléfono núm. con domicilio a estes efectos en, e dirección de correo electrónico

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

convocada polo Concello de Pantón e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impido, no seu estado nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo e non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberán realizar xunto co recoñecemento médico con carácter previo á contratación.

En....., a de.....de 2019.

O/A Solicitante

Asdo.:.....”

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTON